AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

ACTA DA XUNTA CELEBRADA COA REPRESENTACIÓN SINDICAL PARA A NEGOCIACIÓN DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

En Santiago de Compostela, na sede administrativa da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, na Avenida do Camiño Francés 10, o dezanove de decembro de dous mil vinte e cinco, de 12:00 a 14:00

ASISTEN:

Pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria,
Martín Alemparte Vidal
Laura Mezquíriz Miguel

Pola Consellería do Medio Rural,
Ascensión Labella Lozano

Pola CIG,
Irene Sánchez Riveira
Jesús Pérez Balirac

Por CCOO,
Juan José Rodríguez Blanco

Por UXT,
José Ramon Rey

Por SEPGA,
Pablo Nimo Ríos

CSIF manifesta a imposibilidade de acudir á reunión

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Ss490QEIpj8 https://sede.xunta.gal/cve

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

ORDE DO DÍA

1. Estudo e debate da proposta da modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

2. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS:

Inicia a reunión a xerente agradecendo a asistencia e expoñendo brevemente os puntos que forman parte da proposta de modificación.

En primeiro lugar, a CIG advirte dun erro na codificación da praza a amortizar no CFEA de Guísamo.
Non se opoñen á creación da praza de xefatura de sección para a xestión das nóminas, aínda que non comparten a amortización de dúas prazas para levala a cabo.
Non comparten a xustificación da apertura das prazas de Director/a de Centro de Formación á escala docente, xa que entenden que existe persoal suficiente actualmente para a súa cobertura. De levarse a cabo, esixen a inclusión do requisito de perfeccionamento do galego e a posesión do máster habilitante.
No relativo á eliminación do requisito de doutorado na praza de Director/a do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, manifestan non entender o motivo de telo incluído na modificación realizada no 2021.
Solicitan que conste en acta a presentación dun escrito dirixido á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal onde se solicitaba a verificación do cumprimento deste requisito por parte do actual Director do centro.
Reclaman que se convoque ás organizacións sindicais para tratar a modificación da relación de postos de traballo de toda a Axencia.

Por parte de CCOO, vese de forma positiva a creación da praza de xefatura de sección para xestión das nóminas, aínda que recalcan que non poden estar de acordo coa destrución de emprego público.
Non se comparte a apertura proposta das prazas de Director/a de Centro de Formación por entender que existe persoal suficiente para a súa cobertura, aínda menos cando a súa forma de provisión é a libre designación.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Ss490QEIpj8 https://sede.xunta.gal/cve

Non estiveron de acordo no ano 2021 co feito de engadir o requisito de doutoramento en materia agraria para a praza de Director/a do CIAM, pero dubidan da idoneidade de eliminalo neste momento, por se supón axustar a praza a un perfil concreto.

Dende UXT non se comparte a xustificación exposta na memoria funcional para a eliminación do requisito de doutorado na praza de Director/a do CIAM, suxerindo a consulta á Consellería do Mar sobre un antecedente similar na modificación da súa relación de postos de traballo.

Manifestan estar de acordo coa creación de xefatura de sección para a xestión das nóminas da Axencia.

En canto á apertura á escala docente das prazas de Director/a de Centros de Formación, aínda que poderían chegar a entender a necesidade da proposta, mostran a súa preocupación pola situación que o persoal que presta servizos nestes centros lle ten trasladado, e que consideran, podería verse agravada de adoptarse esta modificación.

Dende SEPGA iniciase a intervención realizando unha serie de apreciacións formais á memoria funcional enviada.
Consulta polo modo en que se veu tramitando ata o día de hoxe a nómina, manifestando estar de acordo finalmente coa creación da praza de xefatura de sección para levar a cabo esta tarefa.

Concorda co resto de organizacións sindicais no argumentado no relativo á proposta sobre as prazas de Director/a de Centro de Formación.

En canto á proposta de retirada do requisito de doutorado da praza de Director/a do CIAM solicita engadir á acta da reunión o expediente da comisión de servizos da persoa que ocupa actualmente a praza, así como a remisión á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio o protocolo de integridade institucional da Xunta de Galicia no momento no que se remita esta proposta para informe.

Intervén o Director da Axencia para aclarar que coa creación da xefatura de sección para a xestión das nóminas búscase solucionar un problema estrutural existente dende a creación da Agacal.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Ss490QEIjj8 https://sede.xunta.gal/cve

Sobre a apertura á escala docente das prazas de Director/a de Centro de Formación explica que no pasado existiron dificultades para cubrilas, existindo candidatos deste corpo que non puideron ser nomeados por este motivo.
Do mesmo modo, transmite que non existirán cambios nas actuais Direccións con motivo desta apertura.

En canto á eliminación do requisito de doutorado na praza de Director/a do CIAM expón non compartir a inclusión do mesmo no ano 2021, motivo polo cal se pretende corrixir esta situación.
Comunica que antes de ser nomeada a persoa que actualmente ocupa o posto, nunha reunión no propio centro xa se manifestou a vontade de eliminar este requisito.
Doutra banda nega a intención de axustar os requisitos da praza ao perfil da persoa que actualmente a ocupa, precisamente xustificado nos antecedentes expostos.
Finalmente, vincula a modificación da relación de postos de traballo de toda a Axencia ao establecemento do novo contrato plurianual de xestión no que se está a traballar.

Intervén a CIG manifestando a diferencia na documentación administrativa existente entre a relación de postos actual e o anexo de persoal publicado cos novos orzamentos, solicitando o detalle de prazas e liñas.
Sobre o establecemento do requisito de doutorado, recalcan que nunca foi unha petición do sindicato recoller o mesmo.
Manifestan a súa preocupación pola perda de transferencia do coñecemento investigador.
Reiteran a urxencia de convocatoria de negociación total da relación de postos de traballo.

Por parte de CCOO manifestan non estar en contra da eliminación deste requisito, senón do momento no que se está tomando esta decisión.
Intervén entón a Vicesecretaria Xeral para aclarar que se trata dun posto de libre designación, sendo a experiencia una circunstancia clave a valorar na súa provisión.
Continúa a representación sindical suxerindo que se manteña como mérito este requisito.
Sobre a apertura á escala docente das prazas de Dirección de Centros de Formación confirman chegar a entender a modificación, pero cambiando tamén a súa forma de provisión.

Dende UXT recalcan o matiz achegado sobre a redacción da memoria funcional no relativo á xustificación de eliminación do requisito de doutorado, afirmando que é comprensible buscar perfís con experiencia en postos de xestión.
Rematando poñendo de manifesto o interese que a organización sindical ten en que o CIAM continúe a ser un centro de referencia no ámbito da investigación.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Ss490QEIpj8 https://sede.xunta.gal/cve

Dende SEPGA faise unha valoración das explicacións dadas sobre o nomeamento do actual Director do CIAM, especialmente polo feito de estar avaladas a través de resolución da DXEPAP. Aínda así, recalcan que a discrecionalidade técnica non se pode confundir con arbitrariedade.
Remata poñendo de manifesto a falta de desenvolvemento da carreira directiva para o persoal da Xunta de Galicia.

Finalmente, acórdase a remisión de alegacións por parte das representacións sindicais ata o 9 de xaneiro de 2026.

Asinado por: MEZQUIRIZ MIGUEL, LAURA
Cargo: Xerente
Data e hora: 14/01/2026 12:55:46

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Ss490QEIpj8 https://sede.xunta.gal/cve